INSTRUCIÓNS PARA SOLICITAR A AUTORIZACIÓN DE ACCESO AO ILLOTE AREOSO

Realizarase unha solicitude de autorización de acceso ao illote para cada embarcación que vai a fondear ou atracar, e para os visitantes que nesa embarcación irán a desembarcar no Areoso. Este proceso realizarase nas seguintes 4 pantallas:

1) **Datos de reserva**: un solicitante debe solicitar o acceso ao illote, primeiro elixira unha de entre os 3 tipos de embarcacións posibles que se despregan no cadro correspondente :

   A. Atraque con embarcación con motor *(10 prazas por quenda en tempada alta e 2 en tempada baixa*): elixirase unha embarcación con motor coa que se achegará ao illote
   B. Atraque con embarcación sen motor (*12 prazas por quenda en tempada alta e 3 en tempada baixa*): elixirase unha embarcación sen motor coa que se achegará ao illote
   C. Fondeo (*20 prazas por quenda en tempada alta e 10 en tempada baixa*): elixirase unha embarcación a fondear, para despois achegarse ao illote cunha embarcación auxiliar que non necesitara outra autorización para o atraque no illote . No caso que o solicitante só desexe estar fondeado sen que ningunha persoa desembarque no illote, deberá marcar que polo menos que unha persoa visitará o illote .

   - Tras elixir o tipo de embarcación, elixiremos:
     1) A quenda, entre as 3 dispoñibles
     2) O número de persoas que visitaran o illote
     3) A data na que se pretende facela visita

Tras elixir todos os datos da reserva (tipo de embarcación, quenda, nº de visitantes e data) debemos marcar o cadro no apartado no que se indica que se coñece e se aceptan as condicións, pulsando en "*Continuar*".

2) **Datos do solicitante**: debemos cubrir os seguinte datos da persoa solicitante:

   - Datos persoais: Nome, 1º apelido, 2º apelido, tipo de documento, Nº de documento, se o solicitante asistirá á visita ao illote, sexo e o ano de nacemento.
   - Domicilio: País e dirección postal
   - Datos de contacto: correo electrónico (2 veces) e teléfono
   - Datos xerais dos visitantes: País, provincia e localidade

Para avanzar ao terceiro apartado continuaremos pasando de pantalla dándolle ao cadro de "*Datos visitantes*".

3) **Datos de visitantes**: debemos cubrilos datos de tódolos visitantes que iran ao illote na embarcación desta solicitude, se o solicitante vai a ir ao illote os seus datos xa estarán cubertos. Os datos obrigatorios a cubrir neste apartado para

cada visitante son: Nome, 1º apelido, sexo, ano de nacemento, tipo de documento e número de documento.

Para confirmar a solicitude, debemos pulsar no cadro que pon "*Finalizar*" e pasaremos á última pantalla.

4) **Confirmación**: Xa temos a solicitude confirmada, aparecera o seguinte texto:" A súa solicitude finalizou correctamente, prema no seguinte enlace para descargar a súa autorización: Descargar. O localizador da súa autorización é: AREOSOYXXXXXXX.

   Pulsando sobre "*Descargar*" podemos gardar ou imprimir o PDF da autorización ou tamén podemos gardar o código do localizador.